

350. |Eu caseime|
- 1) Xan Quintán quere casar
non tiña muller buscada
foille pedir o amor
á filla da tía Xuana
 - 2) boas noites tía Xuana
ónde llevai a rapaza
foi busca-lo gas prá noite
xa me parece que tarda
 - 3) estando nestas razóns
entrou pola port'adentro
buenas noites Xan Quintán
traígote no pensamento
 - 4) pois tu décelo de ricas
mais eu dighocho de veras
que veño tesa co frío
quero quenta-las canelas
 - 5) trataron de monicións
pasaron ó outro lado
fóronll'os levar ó cura
qu'ande coelas de contado

lv 12,

Verín I,2,Xeronda,Cualedro.Setembro 1979.

Bernardo
Josefa

I,2,

- 6) i o cura andúvolle coelas
no ofretorio da misa
i a xente que taba dentro
caía toda coa risa
- 7) trataron de casamento
Xan Quintán i a Mariquiña
iban no medio da igrexa
dixo que non o quería